

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2022.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, o día vinte e oito de outubro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### 1. Ratificación da urxencia

2. Contratación da subministración e instalación da actualización da rede wifi “Modernización da rede wifi do Concello de Lugo” Dentro do programa de axudas a municipios destinadas á transformación dixital e modernización das EE.LL., no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia (orde ter/1204/2021, do 3 de novembro) a través do Ministerio de Política Territorial. Código de proxecto 212410006 («Next Generation EU»), exp. ref. 2022-C004-000025.

3. Contratación da subministración dun sistema web application firewall (waf) para o Concello de Lugo, incluído na actuación “Despregue dun centro de operacións de ciberseguridade (liña estratéxica 5 ciberseguridade)”, dentro do programa de axudas a municipios destinadas á transformación dixital e modernización das EE.LL., no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia (orde ter/1204/2021, do 3 de novembro) a través do ministerio de política territorial. código de proxecto 212410005 («Next Generation EU»). Aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adjudicación por procedemento aberto simplificado e tramitación urxente. Apertura do procedemento de adjudicación, exp. ref. 2022-C004-000027.

4. Contratación da subministración de licenzas de solución antivirus avanzado (EPP e EDR) para computadores persoais e servidores do concello de lugo, incluído na actuación “Despregue dun centro de operacións de ciberseguridade (liña estratéxica 5 ciberseguridade)”, dentro do programa de axudas a municipios destinadas á transformación dixital e modernización das EE.LL., no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia (orde ter/1204/2021, do 3 de novembro) a través do Ministerio de Política Territorial. Código de proxecto 212410005 («Next Generation EU»). Aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adjudicación

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4927022921575746252.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 28-10-2022

por procedemento aberto simplificado e tramitación urxente. Apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2022-C004-000026.

5. Contratación da subministración dun conxunto de ferramentas soc e servizo de monitorización remota para o Concello de Lugo, incluído na actuación “despregue dun centro de operacións de ciberseguridade (liña estratéxica 5 ciberseguridade)” dentro do programa de axudas a municipios destinadas á transformación dixital e modernización das EE.LL., no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia (Orde ter/1204/2021, do 3 de novembro) a través do ministerio de política territorial. código de proxecto 212410005 («Next Generation EU»). Aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado e tramitación urxente. Apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2022-C004-000028.

6. Contratación do servizo para a redacción e achega da memoria programa necesaria para a declaración da contorna residencial de rehabilitación programada (errp) nos barrios da Milagrosa e feixoo na cidade de Lugo. Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto. Apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2022/C003/000026.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**